

# Instrución VII/2007 da Xerencia sobre a aplicación dos prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais

O Decreto 135/2007 de 12 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso académico 2007/08, publicado no DOG o 16 de xullo, establece na súa disposición derradeira que entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Aos efectos de clarexar a súa entrada en vigor en relación coas tarifas segunda e terceira (avaliación e probas e títulos e secretaría) xa que a primeira, actividade docente, é obvio que entra en vigor no momento en que se formalizan as matrículas que van surtir efectos para o curso académico 2007/08, compre ditar a seguinte **Instrución**

## **Primeiro.**

- Todas as tarifas que se recollen no citado Decreto polo que se establecen os prezos públicos, entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

## **Segundo.**

- Para as tarifas que regulan os importes da actividade docente, no caso de que o decreto se publicase con posterioridade ao inicio do período de matrícula, aplicaranse as tarifas que se contemplan na proposta que comunique a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Se os importes publicados oficialmente foran distintos aos aplicados en virtude desta proposta, procederíase a facer os axustes correspondentes nas liquidacións emitidas.
- No caso de que non existise a proposta, aplicaríanse os prezos correspondentes ao curso anterior, axustándose os mesmos unha vez publicado o citado decreto.

## **Terceiro.**

- Esta instrución terá efectos para o curso académico 2007/08 e posteriores.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2007  
O Xerente,  
Pedro García Moreno